

### **3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

#### **INSTRUCCIÓN:**

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50 puntos**, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125 puntos**.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
7. - A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



1. No referido ao xénero dos seguintes substantivos, identifique a secuencia correcta:

- A) O legume, a sinal, a sangue, o arte
- B) O legume, o sinal, o sangue, a arte
- C) A legume, a sinal, a sangue, o arte
- D) A legume, o sinal, o sangue, a arte

2. Cal non é sinónimo de "testa":

- A) Cachola
- B) fronte
- C) Crisma
- D) Noz

3. Cal é a forma correcta da preposición que se indica?

- A) Según
- B) Segundo
- C) Asegún
- D) Aseguí

4. Sinala a incorrecta:

- A) Esvelto
- B) Cobarde
- C) Marabilla
- D) Cravar

5. A perda total ou parcial do movemento ou da sensibilidade nunha ou en varias partes do corpo, é unha:

- A) Parálise
- B) Parálisis
- C) Parálises
- D) Paronisis

6. Unha muller de moita idade é unha persoa:

- A) Anciá
- B) Anciana
- C) Anxián
- D) Anxiana

7. Cal destes conxuntos de palabras é a correcta:

- A) Traducción, septembro, vítima, instrución
- B) Tradución, setembro, vítima, instrución
- C) Tradución, septiembre, vítima, instrucción
- D) Traducción, setembro, víctima, instrucción

8. O significado de "eivado" é:

- A) Quen ten ou padece un defecto físico
- B) Prohibición de entrar nunha zona determinada
- C) Sitio onde non se pode aparcар
- D) Que está moi contento

9. Cal das seguintes non é unha parte do corpo humano?

- A) Beizo
- B) Xeonllo
- C) Esquíó
- D) Embigo

10. Levaron os feridos ata a ambulancia en:

- A) Ancarellas
- B) Camillas
- C) Padiolas
- D) Camiolas

Preguntas de reserva

1. Sinale a incorrecta en galego:

- A) Maio
- B) Xulio
- C) Abril
- D) Xaneiro

2. Marque o plural incorrecto en galego:

- A) Lesións
- B) Lumbalxias
- C) Almacenes
- D) Pacientes